


O que se pretende con esta folla de traballo, é unha pequena guía que te oriente e che faga máis productivo o uso das simulacións incluídas no software subministrado .

1. SIMULACION SÍMIL HIDRÁULICO SEN BOMBA

Abre la simulación sobre o símil hidráulico (podela atopar no apartado magnitudes básicas -> Tensión e f.e.m.), e responde as seguintes preguntas:




- Por que circula auga dende un depósito a outro?
- Cando deixa de circular auga?
- Que mide o caudal?
- En que transforma a turbina a enerxía da auga?
- Aumenta a altura do depósito a 70. Canto tempo tardan en igualarse os depósitos?. ¿Como se relaciona a altura e o caudal?
- Mantendo a altura a 70, aumenta a sección do tubo a 30. Canto tempo tardan en igualarse os depósitos?. Cal é a razón de que isto aconteza así?
- É o caudal constante?. Cal é a razón?
- Relaciona :

Caudal	Motor eléctrico
Diferencia de altura depósitos	Intensidade
Sección tubo	Voltaxe (d.d.p)
Turbina	Resistencia
Auga	Electróns

- Si a Lei de Ohm $V = I \cdot R$, como se relaciona a diferenza de alturas (H), con caudal (Q) e a sección do tubo (S).
- O aumentar a sección do tubo aumenta o caudal xa que a auga ten máis sección para circular. ¿Que acontece coa resistencia de un condutor ao aumentar a súa sección?
- Que tipo de electricidade se pode assimilar con esta simulación?. Que problemas presenta?.

Introduce no circuito a bomba:



- A. Que acontece co caudal?. Para que esto aconteza así, que cantidade de auga ten que bombear a bomba ao depósito superior?.
- B. Coloca a sección da tubo en 30. ¿Que lle acontece ao caudal?.
- C. Coloca agora coa sección a 30, a altura do depósito a 90. ¿Que lle acontece ao caudal?.
- D. Asimilando a altura coa diferenza de potencial, e a sección coa sección da resistencia, e o caudal coa intensidade : Que acontece coa intensidade ao variar estes parámetros?.
- E. Varía o caudal e a altura. De que depende a potencia da turbina?.
- F. Cando remataría de funcionar a bomba?. Que se corresponde nun circuito eléctrico coa bomba?.
- G. Fai un esquema eléctrico que se corresponda co circuito completo.